

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Cidrás Pidre, José
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
López Nores, Martín
Pozo Triviño, M^a Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roer, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
García Fontán, María Soledad
Lorenzo González, M^a de las Nieves
Peña Gallego, María de los Ángeles
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Torres Romay, Emma

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, M^a Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

ESTUDANTES

González González, Jaime
Lima González, Estela
Martínez Gómez, Sandra María
Meis Solla, Iago
Piñero Vivas, Miguel Ángel
Redondo Cervantes, Montserrat
Rodríguez Pousa, Estela
Santos Grandal, Juan

PAS

Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pérez Gómez, Luís
Ríos Santomé, María José

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Lopez Mira, Álvaro Xosé
Pazos Currás, Marta María

INVITADOS

Garea Oya, Eva
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Barreiro Carril, M^a Cruz
Fernández López, Roberto Ignacio
Torres Pérez, Francisco José

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 30 de xullo de 2024, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 30 de xullo de 2024 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 20 de xuño de 2024.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da proposta de modificación parcial da Relación de Postos de Traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.
4. Aprobación, se procede, de prazas de Profesorado Titular de Universidade correspondentes ao 10% reservado a áreas estratéxicas consideradas pola Reitoría.
5. Aprobación, se procede, da selección da área de coñecemento para participar na convocatoria dunha praza de Profesorado Titular de Universidade con actividade asistencial vinculada, e da creación da praza correspondente.
6. Aprobación, se procede, da solicitude de excedencia temporal de María Cruz Barreiro Carril nas condicións previstas no artigo 17 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.
7. Aprobación, se procede, da proposta de creación do Instituto de Investigación Lingua.
8. Aprobación, se procede, das bases do programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo para o 2024.
9. Aprobación, se procede, da participación da UVIGO na Spin-Off GAL4TIC.

10. Aprobación, se procede, do Regulamento da Área de Benestar, Saúde e Deporte.
11. Aprobación, se procede, do Plan estratéxico do Campus Auga.
12. Aprobación, se procede, da autorización para a formalización dun convenio entre a Escola Universitaria de Maxisterio “María Sedes Sapientae” e a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación para a avaliación do persoal docente e investigador contratado do dito centro adscrito.
13. Elección, dos seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno: Organización Académica e Profesorado (2 estudantes e 2 PDI); Planificación e Asuntos Económicos (2 estudantes); Investigación e Transferencia (2 estudantes); e Extensión Universitaria e Estudantes (2 estudantes).
14. Elección dun representante na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado contratado: 1 estudante.
15. Elección dun representante no Consello Social: 1 estudante.
16. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Arte-Humanidades; 1 estudante do ámbito tecnolóxico.
17. Quenda de intervencións.

O reitor, antes de comezar a sesión, informa de que no punto 3 haberá unha serie de persoas que intervirán porque pediron a palabra, se ben non son membros do Consello de Goberno, e no punto 6 tamén participarán unha serie de persoas invitadas, ás que o reitor dará 5 minutos para intervir.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 20 de xuño de 2024.

O reitor indica que despois de corrixir e adxuntar observacións á acta, se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

- Licitación do edificio de Aeroespaciais: preparada para saír de novo, cun custo adicional dun 21%.
- Plan Integra: a semana pasada recibiu a Xunta o primeiro borrador do convenio. É difícil que poida saír antes do segundo cuadrimestre do vindeiro curso. Será preciso xustificar anticipadamente a saída de cada praza, que deberá contar coa aprobación da Xunta de Galicia.
- Comezarse en breve a traballar na lei galega de universidade, con carácter complementario á LOSU. Tamén está previsto traballar no novo mapa de titulacións e no plan de financiamento.
- Seguimos a traballar coas consellerías implicadas para o acordo de Enfermaría.

- Probablemente os premios de excelencia nas probas PAU realizarase en Vigo, no Pavillón Central de Travesas.
- Taxas de Ocupación. Campus de Ourense: 1015 prazas, 1058 matriculados. Campus de Pontevedra: 770 prazas, 801 matriculados. Campus de Vigo: 1967 prazas, 2043 matriculados. Facendo un total de 3752 prazas, e 3902 matriculados.
- Titulacións pechadas: dun total de 71, xa están pechadas 56, é dicir, nun 79 % das titulacións están pechadas a matrícula (máximo no SUG). En termos absolutos, pechamos 56 das nosas titulacións fronte as 51 e 41 titulacións sen vacantes da USC e da UDC.
- Se analizamos os peches nos campus universitarios de Ourense, Pontevedra e Vigo, temos respectivamente o 81%, o 83%, e o 76 % das titulacións pechadas, quedando prazas vacantes en só catro, dúas e nove titulacións, respectivamente.
- Despois do cuarto chamamento temos unha taxa de ocupación do 104 %.

Remata o informe ás 10.20.

3. Aprobación, se procede, da proposta de modificación parcial da Relación de Postos de Traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.

O reitor cede a palabra á xerente, quen fai a seguinte presentación:

Modificacións que se plantexan na RPT

1. Creación do Servizo de Recursos Humanos de Investigación
2. Creación da Sección administrativa da OPI
3. Modificación da localización do posto de traballo Técnico/a Superior en Biotecnoloxía do CITI Ourense

1. Creación do Servizo de Recursos Humanos de Investigación

Postos de nova creación da Subescala Administración

POSTO	NIVEL	FP	SG
XEFE/A DE SERVIZO DE RR.HH. de INVESTIGACIÓN	28	C	A1/A2
XEFE/A DE SECCIÓN DE XESTIÓN DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DE RR.HH. DE INVESTIGACIÓN	25	C	A1/A2
XEFE/A DE ÁREA	22	C	A2/C1
XEFE/A NEGOCIADO	20	C	C1/C2

1. Creación do Servizo de Recursos Humanos de Investigación

Postos obxectos de redistribución da subescala Administración

POSTO	UNIDADE ADMINISTRATIVA ACTUAL
XEFE/A SECCIÓN DE RR.HH. DE I+D (redenominado como XEFE/A DE SECCIÓN DE SELECCIÓN DE RR.HH. E PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DE INVESTIGACIÓN)	Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento
XEFE/A NEGOCIADO	Servizo de Persoal Docente e Investigador
XEFE/A DE NEGOCIADO	Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento
POSTO BASE	Servizo de Persoal Docente e Investigador
POSTO BASE	Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento
POSTO BASE	Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento

Servicio de Recursos Humanos de Investigación

POSTO	NIVEL	FP	SG	Q	C	ESCALA	SUBESCALA
XEFE/A DE SERVIZO DE RR.HH. DE INVESTIGACIÓN (agora Xefatura de Equipo na UPCI)	28	C	A1/A2	M	V	Técnica de xestión/Xestión	Administración
XEFE/A DE SECCIÓN DE SELECCIÓN DE RR.HH. E PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DE INVESTIGACIÓN (agora como XEFE/A SECCIÓN DE RR.HH. DE I+D+ en Servizo de Inv.)	25	C	A1/A2	M	V	Xestión/Técnica administrativa	Administración
XEFE/A DE SECCIÓN DE XESTIÓN DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DE RR.HH. DE INVESTIGACIÓN (agora no Servizo de PDI como Xefe/a Sección de Programas)	25	C	A1/A2	M	V	Xestión/Técnica administrativa	Administración
XEFE/A DE ÁREA (agora en Servizo de PDI como Xefe de Área de Programas)	22	C	A2/C1	M	V	Xestión/Técnica administrativa	Administración
XEFE/A NEGOCIADO (agora en Servizo de PDI)	20	C	C1/C2	M	V	Técnica administrativa/auxiliar administrativa	Administración
XEFE/A DE NEGOCIADO (agora no Servizo de Inv.)	20	C	C1/C2	M	V	Técnica administrativa/auxiliar administrativa	Administración
XEFE/A NEGOCIADO (agora na UPCI)	20	C	C1/C2	M	V	Técnica administrativa/auxiliar administrativa	Administración
POSTO BASE (agora no Servizo de PDI)	18	C	C1/C2	M	V	Técnica administrativa/auxiliar administrativa	Administración
POSTO BASE (agora no Servizo de Inv.)	18	C	C1/C2	M	V	Técnica administrativa/auxiliar administrativa	Administración
POSTO BASE (agora no Servizo de Inv.)	18	C	C1/C2	M	V	Técnica administrativa/auxiliar administrativa	Administración

Funcións do Servizo de RRHH de Investigación

- Tramitación e xestión dos procesos de acceso e de provisión de persoal investigador e persoal técnico e de xestión científico técnica, así como aqueles procesos de selección que se convoquen ao abeiro de convocatorias de programas con financiación específicas para soporte da investigación e innovación.
- Xestionar a contratación do persoal do ámbito da súa competencia.
- Prestar apoio á realización das actividades de captación, capacitación, formación mobilidade do persoal da súa competencia.
- Soporte administrativo aos procesos que, por razón da materia, estean relacionados co vínculo dos profesionais.
- Xestión do expediente de persoal dos profesionais deste ámbito.
- Tramitación do recoñecemento da carreira profesional.
- Control e xestión do cadro de persoal, altas, baixas e modificación.
- Elaboración de informes na materia da súa competencia, a instancia da Xerencia.
- Asesoramento á Xerencia, Vicerrencia e Vicerreitoría, competentes en materia de investigación, nas materias da súa competencia.
- Participación nas comisións, grupos de traballo, ou órganos Colegiados en materias da súa competencia a proposta da Xerencia.
- Calquera outras que por razón do ámbito competencial lle poidan ser encomendadas pola Xerencia.

2. Oficina de Proxectos Internacionais de Investigación, Proxectos de Cooperación e Innovación Educativa e outros procexos singulares (OPI)

Postos de nova creación da Subescala Administración

POSTO	NIVEL	FP	SG
XEFE/A SECCIÓN DE PROXECTOS INTERNACIONAIS DE INVESTIGACIÓN, PROXECTOS DE COOPERACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA E OUTROS PROXECTOS SINGULARES	25	C	A1/A2
POSTO BASE	18	C	C1/C2

Postos obxectos de redistribución da subescala Administración

POSTO	UNIDADE ADMINISTRATIVA ACTUAL
XEFE/A DE NEGOCIADO DE I+D	Oficina de I+D

2. Oficina de Proxectos Internacionais de Investigación, Proxectos de Cooperación e Innovación Educativa e outros procexos singulares (OPI)

POSTO	NIVEL	FP	SG	Q	C	ESCALA	SUBESCALA
XEFE/A SECCIÓN DE PROXECTOS INTERNACIONAIS DE INVESTIGACIÓN, PROXECTOS DE COOPERACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA E OUTROS PROXECTOS SINGULARES (agora na propia OPI como Xefe/a de Sección)	25	C	A1/A2	M	V	Técnica de Xestión/Xestión	Administración
XEFE/A NEGOCIADO (agora na Oficina de I+D como Xefe/a de Negociado de I+D)	20	C	C1/C2	M	V	Xestión/Técnica Administrativa	Administración
TÉCNICO/A DE RELACOIS INTERNACIONAIS	23	C	A1	M	V	Técnica Superior de Apio á Docencia e Investigación	Relacións Internacionais
TÉCNICO/A DE I+D	23	C	A1	M	V	Técnica Superior de Apio á Docencia e Investigación	I+D
TÉCNICO/A DE I+D	23	C	A1	M	V	Técnica Superior de Apio á Docencia e Investigación	I+D
POSTO BASE (agora na UCPI)	18	C	C1/C2	M	V	Técnica administrativa/auxiliar administrativa	Administración

Funcións da OPI

- Difundir, tramitar e prestar apoio á xestión das convocatorias alleas de axudas internacionais á investigación e ao desenvolvemento e no campo da cooperación e innovación educativa.
- Asesorar e prestar apoio na xestión dos proxectos internacionais de investigación e de cooperación e innovación educativa ao persoal investigador, grupos de investigación e centros e institutos de investigación, colaborando na xustificación e rendición de contas.
- Planificar e xestionar económica e orzamentariamente os programas de gastos no eido da investigación e o desenvolvemento, e a cooperación e innovación educativa a nivel internacional.

Cambio de localización do posto de técnico/a superior en biotecnoloxía

Localización: CENTRO DE INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN (CITI)

POSTO	NIVEL	FP	SG	Q	ESCALA	SUBESCALA
TECNICO/A DE BIOTECNOLOXÍA	Z3	C	A1	M e T	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Biotecnoloxía

Localización: EDIFICIO CAMPUS DA AUGA

POSTO	NIVEL	FP	SG	Q	ESCALA	SUBESCALA
TECNICO/A DE BIOTECNOLOXÍA	Z3	C	A1	M e T	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Biotecnoloxía

O reitor cede a palabra a Eva Garea Oya, quen agradece a oportunidade de poder tomar a palabra, expoñendo o seguinte en relación co que se refire á Oficina de Proxectos Internacionais, na que ocupa o posto na RPT de técnico en Relacións Internacionais.

O pasado 26 de xullo, as 11.55 horas, o presidente da Xunta de Persoal distribuíu un e-mail nas listas de comunidade de PAS informando sobre varios aspectos negociados, entre eles, esta modificación de RPT. Achegou un documento, aprobado pola comisión de negociación do PAS. A través desa mensaxe, distribuída a toda a comunidade universitaria, tivo coñecemento de que a representación dos traballadores achegou unha proposta de negociación que afirman que foi aprobada pola comisión de negociación do PAS para o seu traslado á xerencia. Esa proposta apostaba por potenciar a Oficina de Relacións Internacionais, pero incorporando a actual estrutura da oficina de Proxectos Internacionais como unha subárea da Oficina de Relacións Internacionais. Pero esa proposta non ten recollida as opinións dos traballadores da OPI. Na RPT en vigor da OPI, grazas ao apoio decidido do equipo de goberno, hai 3 prazas de técnicos superiores, e ningún deles foi consultado nin participou na elaboración desa proposta. Non comparte en absoluto, coñecendo o traballo que se desenvolve tanto na ORI, como na OPI, e levando máis de 25 anos traballando nesta universidade, que os representantes dos traballadores acheguen unha proposta á xerencia dicindo que a OPI ten que estar como unha subárea da ORI. Aínda que a LOSU revaloriza a figura do persoal técnico, como actor esencial para o funcionamento eficiente da institución universitaria, e promove que se potencien estruturas que sirvan de apoio técnico ás actividades de investigación, intercambio de coñecemento e innovación e internacionalización, os representantes dos traballadores non contaron co persoal da RPT da OPI para dita proposta. Esqueceron que a lei aposta polo desenvolvemento de procesos participativos e consultas de toda a comunidade universitaria, o que si está facendo o Consello de Goberno ao permitirlle falar, garantindo a igualdade de oportunidades para todos, e a non discriminación.

Ademais, lles lembra aos representantes dos traballadores que o persoal técnico superior que se funcionarizou ten tamén dereito á participación significativa no deseño da política universitaria, e a estar representados adecuadamente, igual que fan con outros colectivos das escalas de xestión e administrativa. Os empregados públicos teñen dereito a esa negociación colectiva das condicións de traballo, sometidos aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, boa fe, publicidade e transparencia. Sen embargo, esa transparencia non aconteceu e non coñecen o traballo que fan na OPI, oficina que obtivo na captación de fondos cifras de récord na captación de recursos europeos, 14 millóns de euros. Lle gustaría contar co apoio decidido da representación dos traballadores PAS para que nos escoiten na OPI, que falen co equipo técnico que está dirixindo o traballo da oficina sobre as futuras propostas que poidan chegar á Xerencia, e que non encontremos esas propostas nas listas de Comunidade e xeren confusión.

O reitor clarexa que cando se fixo a formalización da OPI, o proceso foi un pouco apresurado pola presa de captar fondos internacionais; oficina con bos técnicos que capta moitos fondos para a nosa universidade. O reitor comprométese a que na seguinte interacción se faga para a parte técnica un desenvolvemento axeitado, pero terá que ser negociado de boa fe cos representantes lexítimos dos traballadores.

Intervén a continuación Luís Pérez, representante sindical no Consello de Goberno do PAS Laboral. A súa intervención vai na parte formal, pero Eva fixo unha alusión directa e cre que hai un problema de entendemento formal. Coñece a estrutura do PAS e os mecanismos de negociación. Engade que

Eva Garea é equipo de goberno, xa que é directora de área, e o resto do persoal estrutural da OPI son membros do goberno. O que se vai aprobar é basicamente unha proposta da Xerencia, do equipo de goberno, e lle lembra que, aínda que non estará na próxima xunta de persoal, as liñas de respecto teñen que estar moi ben marcadas e non acepta que alguén do goberno veña a Consello de Goberno, órgano político, a 'lerlle a cartilla'. Non quere falar da estrutura da OPI, porque entón tería que falar da selección dos técnicos/as que traballan na OPI, e non quere por razóns obvias. Leva toda a vida, cando foi parte sindical, cando para el o fundamental era a forma de ingreso, que foran procesos públicos, de concorrência, onde a igualdade e os méritos foran o importante, polo que non quere entrar a debater as estruturas, porque non é o debate neste momento. Fai a intervención porque sentiuse aludido, aínda que se fixo un esforzo para a transición do PAS. Non cree que exista mellor forma para facer este tránsito que este acordo.

O reitor comenta que está especialmente orgulloso do traballo que están a facer os representantes sindicais nesta 'zona gris', porque cree que se están acordando cousas que melloran a institución e a vida das persoas, as dúas liñas de actuación que partilla a representación sindical e o goberno.

Xan Cebro, non tiña pensado intervir. Onte pola tarde pediu intervir no Consello de Goberno (á secretaria xeral). O documento está asinado polo Presidente da Xunta de Persoal, non da comisión negociadora. A Xunta de persoal está elixida e lexitimada para negociar. Non hai discusión, outra cousa é que despois da funcionarización se cree unha comisión, pero entenderon que se podía plasmar nunha comisión unitaria do PAS, pero quen asina a proposta é a Xunta de Persoal. Se sente insultado, e non entende a actitude de Eva Garea. Ao Consello de Goberno ven a proposta da Xerencia, non da Xunta de Persoal. A crítica estaría avalada se fose unha proposta da Xunta de Persoal, pero o documento que ven a CG é un documento do goberno do que Eva Garea forma parte. É a primeira vez que ve nunha administración a un membro do equipo de goberno criticar ao equipo de goberno. O documento é de Xerencia, e aceptaron o documento entendendo que os representantes no futuro farán o seu traballo polo ben da universidade.

Eva Garea sinala que a súa intervención non era para dicir que non a esta proposta, senón para preguntar por que os representantes dos traballadores non consultaron a contraproposta que fixeron á proposta de Xerencia cos traballadores da OPI.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, de prazas de Profesorado Titular de Universidade correspondentes ao 10% reservado a áreas estratéxicas consideradas pola Reitoría.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica, quen fai a seguinte presentación, corrixindo unha errata de datación xa que a COAP foi o 23 de xullo de 2024:

- Proponse prover unha praza de TU na área de coñecemento A0535 (Enxeñaría Eléctrica) do departamento T02, pola posibilidade de atraer un profesor/a doutra universidade, que viría á UVigo a comezos do curso 2024/2025 en comisión de servizos.
 - Acordo do Consello de Departamento ao respecto.
 - Dúas xubilacións anticipadas xeran un déficit moi superior ao necesario para solicitar a praza.
 - Visto bo na sesión da COAP do 24 de xullo.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da selección da área de coñecemento para participar na convocatoria dunha praza de Profesorado Titular de Universidade con actividade asistencial vinculada, e da creación da praza correspondente.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica, quen fai a seguinte presentación:

- O 4 de marzo de 2021 asinouse un acordo de colaboración entre o Sergas e a UVigo para a utilización das institucións sanitarias na docencia do **Grao en Enxeñaría Biomédica**, tendo en conta unha serie de prazas de profesorado asociado en Ciencias da Saúde (T3-P3) xa previstas.
- O 14 de decembro de 2023 asinouse outro para a utilización das institucións sanitarias na docencia do **Mestrado en enxeñaría biomédica**, creando a figura de coordinador/a do ámbito biomédico co perfil de praza de profesor/a titular vinculado.
- Proponse prover unha praza na área de coñecemento **A0610 (Medicina)** do departamento **C01 (Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde)**.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da solicitude de excedencia temporal de María Cruz Barreiro Carril nas condicións previstas no artigo 17 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

O reitor, antes de ceder a palabra ao vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica, sinala que o equipo de goberno ten moi claro que non vai prevaricar e que imos cumprir con todo o que nos diga a Asesoría Xurídica, e neste caso é un informe claro. Con respecto á política, fala do papel dos Departamentos e o relaciona co borrador do anteproxecto de Estatutos que xa está preparado na Universidade de Vigo, no que, a diferenza doutras universidades que apostan pola desaparición dos Departamentos, propoñemos no texto que chegará a Claustro una postura continuista, polo que os Departamentos van a seguir tendo un papel que xogar. Neste caso concreto, o informe do Departamento, foi aprobado por unha maioría que hai que respectar, polo que deberíamos dicir que non a esta excedencia temporal. Engade que cara ao futuro gustaríalle que se puidese incorporar algún procedemento de mediación, xa que se non dependese do Departamento e si do reitor, el pensa que sería bo, relacionado coa internacionalización. Reitera unha posible mediación entre as partes, e ofrece a busca dunha persoa que faga de mediadora.

O vicerreitor fai un repaso da secuencia deste asunto:

- O 29 de abril, María Cruz Barreiro Carril presentou unha solicitude de excedencia temporal pola Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
- O 27 de xuño tivo lugar un consello do Departamento de Dereito Público Especial (X13) no que se aprobou un informe desfavorable á dita solicitude.
- O 1 de xullo recibíuse un informe da Asesoría Xurídica que indicaba que «a LCTI é taxativa ao impoñer a necesidade dun previo informe de carácter favorable da unidade ... neste caso o departamento» e que apreciaba que «o informe emitido polo departamento ... está detalladamente motivado e fundamentado».
- O 17 de xullo, María Cruz Barreiro Carril impugnou o acordo de informe desfavorable do Consello de Departamento.
 - Tamén interpuxo un recurso de alzada. O 23 de xullo, logo de consultarlle á Asesoría Xurídica, a vicerreitoría respondeu que non era procedente naquel momento, mais que a documentación remitida se tería en conta como alegacións.
- A COAP, na sesión do 23 de xullo, emitiu unha valoración desfavorable para ter en consideración nesta sesión do Consello de Goberno.

O reitor cede a palabra a María Cruz Barreiro Carril (invitada á sesión de hoxe) dicindo que se quere remita un escrito á Secretaría Xeral para incorporar á acta da sesión. Os intervenientes teñen 5 minutos para a súa intervención (tempo que non se cumpriu nas intervencións realizadas).

Escrito remitido por parte de María Cruz Barreiro Barril:

“Buenos días a todos. Gracias por permitirme intervenir en este punto.

Soy profesora titular de Derecho financiero y tributario. El 29 de abril solicité una excedencia temporal al amparo de la Ley de la Ciencia para incorporarme, en principio durante un año, al International Bureau of Fiscal Documentation (IBFD) con sede en Ámsterdam, tras haber participado en un proceso de selección competitivo, que se materializó en la oferta de trabajo realizada el 22 de marzo, para ocupar el puesto de Asociada Principal en su Departamento Académico.

La excedencia temporal creada por la Ley de la Ciencia es una de las medidas estrella de esta Ley, que persigue, como uno de sus objetivos primordiales, fomentar la movilidad del profesorado funcionario, permitiendo, entre otras cosas, que éste se incorpore a este tipo de centros, por un período máximo de 5 años, para que, a su retorno al centro de origen, incorpore el conocimiento y las capacidades adquiridas, en beneficio de todos.

El IBFD es un centro de investigación y documentación en el ámbito fiscal de referencia mundial, con una proyección internacional extraordinaria gracias a las estrechas colaboraciones que mantiene con los organismos internacionales.

Pese a las bondades científicas del centro, mi solicitud se acompaña hoy de un informe desfavorable del Consejo de mi Departamento. Al contrario de lo que cabría de esperar, que sería que mi solicitud de excedencia fuese objeto de valoración en el Consejo de Departamento, al efecto de que, de ese órgano saliese un informe (favorable o desfavorable), en mi caso, lo que se sometió a valoración (votación) fue una propuesta de informe desfavorable elaborado, con carácter previo, por ocho personas de mi área (director de Departamento incluido).

En el informe se dice, en esencia, que soy imprescindible para mi área y que mi excedencia causaría dificultades insuperables para la cobertura de la docencia. En primer lugar, conviene aclarar que la mera necesidad de cubrir la docencia de un profesor excedente o la necesidad de reorganizar la docencia, no pueden constituir, de por sí, razones para informar desfavorablemente una solicitud de excedencia. Ello significaría que ningún profesor podría ejercer el derecho de excedencia de la Ley de la Ciencia pues éste se crea, precisamente, *inter alia*, para profesores que, por la propia naturaleza de nuestro trabajo, impartimos docencia. Además, hay que tener en cuenta que, para casos como éste, la LOSU prevé expresamente la cobertura de la docencia del profesor excedente a través de profesorado sustituto, lo que en general, no resulta problemático para la Universidad de origen, que deja de remunerar al profesor durante su situación de excedencia.

Entonces, teniendo en cuenta, además, el interés general que fundamenta la excedencia de la Ley de la Ciencia, en mi opinión, la única pregunta a resolver, en mi caso, debería ser si esta excedencia es o no viable, es decir, si las horas que yo dejaría se podrían cubrir.

Parece que la respuesta es sí, pues siete personas se han presentado al concurso para la generación de *lista de agarda*, cuatro de las cuales vienen ya impartiendo clases en el área desde hace tiempo, y una persona se ha presentado al concurso de Ayudante Doctor. Confirma la respuesta el hecho de que desde el Vicerrectorado de Profesorado se le han ofrecido al director de Departamento posibilidades para cubrir la docencia que yo dejaría, lo que no ha sido acogido por el director.

Me apena ver que el Departamento no está cumpliendo, a mi entender, su función de promover el desarrollo científico de sus miembros, que implicaría poner de manifiesto, ante el Vicerrectorado de Profesorado, las necesidades docentes que se derivarían de una excedencia como la mía (dirigida al desarrollo científico), para ser cubiertas.

En el proceso de intentar que se me reconozca este derecho, que la Ley de la Ciencia configura como un derecho individual, he sufrido diversos atropellos jurídicos que se describen en el escrito de impugnación que interpusé frente al acuerdo de informe desfavorable (incluido en la documentación adjunta). Uno de los mayores atropellos jurídicos fue la imposición en el POD para el curso que viene, de una materia en inglés, contra mi voluntad expresa.

La docencia en inglés que se me impuso es uno de los argumentos principales que los ocho firmantes alegan para informar desfavorablemente mi solicitud. Amablemente pido a este Consejo de Gobierno que reconsidere dar el visto bueno a este argumento, así como a otros tantos, que no se sostienen, incluidos en el informe.

En cuanto al argumento de la docencia en inglés, si se da por bueno, me veo obligada a decir hoy aquí que, a efectos de las PDAs futuras, no se cuente conmigo para impartir docencia en inglés; si esto se va a convertir en un obstáculo insalvable para ejercer un derecho de excedencia u otro de naturaleza similar.

Este mal precedente provocaría una reticencia en el profesorado a realizar el sobreesfuerzo que supone impartir docencia en inglés, pues este profesorado padecería un perjuicio en sus derechos que no padece quien se limitó a dar clases en castellano. He de aclarar que la plaza que ocupé como profesora titular ni se generó gracias a la docencia en inglés ni salió con el perfil de materias en inglés, lo que puede comprobarse en la documentación de esta Universidad y en el BOE.

Quiero finalizar mi intervención con la exposición de un aspecto esencial que me parece pudo pasar inadvertido. La Asesoría jurídica emitió un informe sobre el documento del “informe desfavorable” que consiguió la mayoría de votos en mi Consejo Departamento. Y digo “documento”, porque el informe de la Asesoría jurídica, no versa en absoluto sobre el procedimiento seguido para la elaboración del referido informe y su sometimiento a aprobación. En el procedimiento mencionado se incumplieron normas básicas reguladoras del procedimiento administrativo. De ello doy cuenta en el escrito de impugnación al acuerdo del Consejo de Departamento sobre el informe desfavorable (adjunto). Lo que quiero transmitir ahora es que, en estos momentos, no hay informe de la Asesoría jurídica sobre este aspecto: el relativo al procedimiento que condujo a la adopción del referido acuerdo.

Por la relevancia que presentan, daré muy breve cuenta de algunos de los referidos incumplimientos. El 25 de junio, el director de mi Departamento nos convocó a una reunión del Consejo de Departamento para el 27 de junio, pero para mi sorpresa, la convocatoria no se acompañó de la documentación relativa a mi solicitud de excedencia, que yo había elaborado y en la que expresamente solicitaba su reparto a todos los miembros de los órganos que tuviesen que pronunciarse sobre mi solicitud. Me pareció desconcertante, pues el director disponía de ella desde hacía 12 días, y la había enviado a ciertos miembros de mi área (miembros del Consejo de Departamento) para que fuesen elaborando, durante el referido período, la propuesta de informe a mi solicitud. Veintitrés horas antes de la reunión, la secretaria del Departamento, también firmante del documento de propuesta de informe desfavorable, envió ese documento -firmado en total por 8 personas de mi área - junto con parte de mi documentación (pues mi *curriculum vitae*

nunca se envió) a los restantes miembros del Consejo de Departamento. Mi *curriculum* no se envió, pese a que era documentación esencial, entre otras cosas, porque yo incluí llamadas referenciales a él desde la memoria justificativa. De esta forma, unas personas dispusieron de 13 días para leer mi documentación y para elaborar el informe, mientras que el resto de miembros del Consejo de Departamento tan sólo dispusieron de 23 horas para leer mi documentación (parcial, sin el *curriculum*) y la propuesta de informe desfavorable.

Es así, que la propuesta de informe desfavorable me llegó a mí con tan sólo 23 horas de antelación a la celebración del Consejo de Departamento. El informe, que tiene 10 páginas llenas de datos, al no haberse enviado en el plazo normativamente previsto, sólo lo pude leer de manera superficial con carácter previo a la celebración del Consejo de Departamento. Por eso, y por otros tantos incumplimientos de las normas procedimentales, solicité la retirada del punto del orden del día, lo que fue denegado por el director.

El informe de la Asesoría Jurídica sobre el informe desfavorable que se sometió a votación no versa, en absoluto, sobre las cuestiones procedimentales.

En el escrito de impugnación al acuerdo del Consejo de Departamento sobre el informe desfavorable podéis ver los incumplimientos normativos que lo hacen, en mi opinión y tras un juicio razonado, inválido. Llamo la atención sobre esto, porque desde el equipo rectoral, se hace hincapié en la necesidad de seguir el informe de la Asesoría Jurídica sobre el informe del Consejo de Departamento, pero, en estos momentos, no hay informe de la Asesoría Jurídica sobre el procedimiento, es decir, sobre cómo, a partir de la solicitud realizada desde el Vicerrectorado de Profesorado al director de Departamento, se acabó aprobando el informe, así como sobre las consecuencias de los incumplimientos normativos referidos.

Con todo, quiero recordar que los Estatutos de la Universidad sólo configuran como necesaria la emisión previa del informe de la Asesoría Jurídica de la Universidad, en el procedimiento de resolución de recursos administrativos de alzada, sin que en ningún caso tal informe sea vinculante. En mi caso, la Asesoría Jurídica sólo se pronuncia sobre el documento del informe en sí y se refiere a una sentencia del Tribunal Supremo dictada respecto de un supuesto en el que el Consejo de Gobierno soslayó la competencia del Consejo de Departamento (el Consejo de Departamento pudo ejercer la competencia que tenía atribuida). Esta sentencia del Tribunal Supremo no es aplicable en mi caso, pues en mi caso, el Consejo de Departamento sí ejerció la competencia, pero, dados los incumplimientos normativos referidos, el acuerdo derivado de este órgano no puede, a mi juicio, darse por válido.

Como última consideración, quiero advertir que el art. 17.4 de la Ley de la Ciencia que se aplica en mi caso, se refiere a un *“instrumento válido en derecho que permita dejar constancia de la vinculación existente [entre el centro de origen y el centro de destino], relacionada con los trabajos que el personal de investigación vaya a desarrollar (...) A tales efectos, la unidad de la universidad pública (...) de origen para [la] que preste servicios deberá emitir un informe favorable en el que se contemplen los anteriores extremos”*.

Por lo tanto, en rigor, pareciera, a mi entender, que el informe del Consejo de Departamento debió haber versado exclusivamente sobre ese instrumento y no sobre aspectos como las necesidades del servicio o el interés que los trabajos tendrían para la Universidad, al encontrarse tales elementos, en un párrafo distinto del referido. En mi opinión, es lógico que la valoración de tales elementos corresponda a un órgano superior. Desde el Vicerrectorado de Profesorado se entendió

que, una vez emitido un informe favorable del Consejo de Departamento, se desarrollaría el “instrumento” referido. Sin embargo, con arreglo al enfoque expuesto más arriba, es precisamente ese “instrumento” sobre lo que debe informar el Consejo de Departamento.

A la visto de lo expuesto,

pido a este Consejo de Gobierno que se me conceda la excedencia, si se valora por este órgano que el centro de destino tiene interés y se corrobora que las necesidades del servicio se pueden cubrir. Que, subsidiariamente, y a la vista de los incumplimientos de la normativa presentes en el procedimiento a través del que se adoptó el acuerdo del Consejo de Departamento, se le devuelva a éste, la petición de aprobación del informe sobre mi solicitud de excedencia. Por lo tanto, que se devuelva al Consejo de Departamento la solicitud de un informe, para que el acuerdo de aprobación del mismo se lleve a cabo cumpliendo la normativa, y que se valore si el objeto del informe ha de limitarse al “instrumento válido en derecho” entre la Universidad de Vigo y el centro de destino, al que me he referido.”.

O reitor indica que o recurso de alzada foi extemporáneo, e fai unha referencia resumida ao informe da Asesoría Xurídica no que se indica que a Lei da Ciencia de forma taxativa fai necesario un informe previo favorable do Departamento, polo que a falta dese informe favorable impide a concesión desta excedencia regulada no artigo 17.4 da LCTI.

O decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo fala do excelente cvitae de María Cruz Barreiro Carril e do Centro para o que pide a excedencia, vencellado ás liñas estratéxicas da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo que falan da internacionalización e a transferencia, polo que pide que se reconsidere a decisión. Se refire tamén a traxectoria académica da solicitante, e a que hai persoas na súa área coa cualificación necesaria que poderían substituír a María Cruz Barreiro Barril durante a súa excedencia.

Intervén a continuación Roberto Ignacio Fernández López, na súa condición de membro da Área 150 (Dereito Financeiro e Tributario) quen, xunto cos restantes profesores a tempo completo desa Área –agás a interesada neste punto da orde do día- asinaron un informe desfavorable, sometido a debate e deliberación no Consello de Departamento de Dereito Público Especial do 27 de xuño de 2024, e que foi finalmente aprobado neses mesmos termos na citada reunión dese órgano colexiado.

O Prof. Fernández López diríxese ao decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo para manifestarlle a súa estrañeza sobre o contido da súa intervención anterior, en relación ao obxecto deste punto da orde do día. En concreto, o Prof. Fernández López expón que os Centros e Facultades, como é o caso da Facultade de Ciencias Xurídicas, carecen de competencias en materia de investigación; e teñen competencias moi limitadas en materia de docencia (aprobación de horarios, de calendarios de exames, de guías docentes; e supervisión da efectiva impartición da docencia), pois todas as atribucións importantes nesta materia correspóndelles aos Departamentos (sinaladamente a organización e planificación da actividade docente). Polo tanto un decano dun Centro pouco ou nada ten que dicir sobre o asunto que se debate neste punto da orde do día, xa que nel se abordan asuntos relativos á investigación e á planificación da actividade docente dunha determinada área de coñecemento. O Prof. Fernández López tamén lle recorda ao decano de Ciencias Xurídicas que o plan de internacionalización dese centro, impulsado por outra decana que

o precedeu no cargo, permitiu a consolidación da praza de profesor titular que actualmente ocupa a solicitante da excedencia temporal.

De seguido o Prof. Fernández López expón que, ao abeiro do art.17.4 da Lei da Ciencia, a concesión da excedencia está subordinada ao cumprimento efectivo de dous requisitos, que deben concorrer de forma acumulativa, a saber:

1º) A debida atención ás necesidades do servizo.

2º) Os beneficios académicos ou interese científico, neste caso para a Universidade de Vigo, dos traballos a desenvolver pola interesada na entidade de destino.

O Prof. Fernández López quere remarcar que, de seguido, vai debullar con datos obxectivos e contrastados se concorren ou non os citados requisitos no caso analizado. Sinala que non vai manifestar opinións, xuízos de valor ou apreciacións subxectivas que se afasten da obxectividade que debe guiar a actuación dunha Administración pública, neste caso da Universidade de Vigo.

No que atinxe ao cumprimento do primeiro requisito: a debida atención ás necesidades do servizo.-

Existen unha serie de circunstancias demostrativas de que as obrigas docentes a cargo da Área 150 non estarán debidamente atendidas no curso 24-25 se prospera a solicitude de excedencia temporal, entre as que merece subliñar as seguintes:

- Tivo lugar a saída a concurso de dúas prazas de profesorado axudante-doutor adscritas á Área 150 para o vindeiro curso pero, a día de hoxe, é ben seguro que, alomenos, unha delas quedará deserta, xa que só hai un aspirante admitido e ningún excluído. Compre recordar que unha praza de profesor axudante-doutor leva implícita a asunción dunha carga docente de 180 horas. Así pois, é un dato incontrovertible que, polo menos, 180 horas xa quedarán sen cobertura docente para o curso 24-25.
- Unha posible alternativa é recorrer á creación dunha lista de agarda. Agora ben, a experiencia desta Área en cursos pasados demostra que entre os aspirantes con mellor *curriculum* para ser seleccionados e propostos a ocupar prazas de profesorado interino de substitución atópanse funcionarios das administracións públicas que, conforme á lexislación vixente, non poden obter a compatibilidade que lles permitiría ocupar esas prazas. Por conseguinte, aos seleccionados non lles queda outra alternativa que renunciar a ocupar esas prazas de profesorado interino de substitución. Dito doutra maneira, a experiencia das listas de agarda creadas en cursos pasados na Área 150 demostra que non serven para atender a docencia cando esta queda en descuberto por distintas circunstancias.
- Para o curso 24-25 tamén se produce a xubilación forzosa dunha profesora a tempo completo adscrita á Área 150, polo que é preciso atender, como factor engadido, a docencia que deixa de impartir esta profesora.
- A solicitante da excedencia temporal ven impartindo unha materia en inglés (*Tax Law*) de maneira ininterrompida dende o curso 16/17 ata o actual. Hai outros compañeiros de Área acreditados para impartir docencia en inglés, pero xa teñen asinada docencia doutras materias distintas nese mesmo idioma para o curso 24-25 (por exemplo, *Business taxation*). Ademais, cando se aprobou no seu día no Consello de Departamento de Dereito Público Especial a saída a concurso da praza de profesor titular que actualmente ocupa a solicitante

da excedencia, dita praza aprobouse cun perfil docente concreto para impartir a docencia de determinadas materias en inglés, entre as que se encontraba, precisamente, *Tax Law*. Polo demais, é obvio recordar que o profesorado interino de substitución non está acreditado para impartir docencia en inglés.

Xa que logo, á vista das circunstancias descritas e de que a propia solicitante ten asinada unha carga docente no POD para o vindeiro curso de 175 horas, soamente a suma destas horas máis as que queden sen cubrir pola falta de provisión de, alomenos, unha das prazas de profesorado axudante doutor actualmente en fase convocatoria pública (180 horas), provocan un descuberto efectivo no POD da Área 150 de máis de 350 horas.

En conclusión, polos motivos anteriormente expostos e por outros non relatados pola limitación de tempo desta intervención verbal, as necesidades do servizo docente de educación superior (titulacións de Grao e Posgrao) da Área 150 non quedarían atendidas cun mínimo de garantías e calidade se prosperase a solicitude de excedencia temporal obxecto do presente punto da orde do día.

No que atinxe ao cumprimento do segundo requisito: o interese científico para a institución de orixe (Universidade de Vigo) dos traballos que se vaian a desenvolver na entidade de destino.-

- A oferta de traballo presentada pola solicitante carece de obxecto e funcións. Unicamente recolle as condicións laborais na entidade de destino (horarios de traballo, seguro médico, etc.), pero non especifica que tipo de tarefas investigadoras supostamente se van a desenvolver no centro de documentación fiscal neerlandés.
- A solicitante tampouco identifica nin detalla na memoria presentada (de case 30 páxinas) cales son as posibles liñas de investigación a poñer en marcha, as hipóteses de traballo e eventuais resultados académicos que se espera acadar, etc. Nesa memoria hai só unha páxina (a 26) que leva por título “Potenciales beneficios para la Universidad de Vigo en consonancia con la Ley de la Ciencia”, pero trala lectura desa páxina sorprendentemente non se describe nin recolle ningún beneficio concreto e tanxible, en termos académicos ou científicos, para Universidade de Vigo.
- Tampouco consta na documentación aportada pola solicitante que, de feito, tivese concurrido a unha convocatoria pública e competitiva na entidade de destino. O Prof. Fernández López quere facer especial fincapé neste extremo: non hai constancia documental algunha, alomenos cando o informe se someteu a debate no Consello de Departamento de Dereito Público Especial, de que a solicitante gañase por concurso de méritos unha praza de “Asociada Principal” no centro de documentación tributaria sito nos Países Baixos.

En suma, non se identifican nin se albiscan os efectos positivos e colectivos para a Universidade de Vigo da pretendida actividade da solicitante nese centro de documentación. Iso si, ningún pon en dúbida o beneficio directo e persoal que suporía a concesión da excedencia para a solicitante.

En definitiva, á vista de todos os datos obxectivos expostos, e tendo en conta que o art.17.4 da Lei da Ciencia esixe un “informe favorable” emitido pola unidade administrativa da universidade pública na que preste servizos o solicitante da excedencia temporal, e que ese informe, razoado e motivado, foi aprobado en tempo e forma como “desfavorable” polo Consello de Departamento de Dereito Público Especial, o Prof. Fernández López conclúe que solo cabe rexeitar a solicitude de excedencia temporal obxecto deste punto da orde do día.

O Prof. Fernández López quere rematar a súa intervención manifestando o seguinte: algunhas voces alleas ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo (persoas que non pertencen a este órgano) pretenden facer ver que os compañeiros de área da solicitante son unha especie de seres malévolos, desapiadados e carentes de humanidade, que non só non saben apreciar a valía académica da solicitante senón que ademais, con este informe desfavorable, lle están poñendo un atranco na súa promoción profesional. Nada máis lonxe da realidade: nos últimos seis anos (2019 a 2024 ámbolos dous inclusive) na Área 150 da UVigo (Dereito financeiro e tributario) cinco persoas promocionáronse a profesores titulares de universidade e dúas a catedráticos de universidade. Desas cinco persoas que accederon a prazas de profesores titulares de universidade, catro delas promocionaron dende o posto de contratados doutores e a solicitante da excedencia foi a única que promocionou directamente dende un posto como contratada doutora interina, é dicir, sen pasar un tempo -máis ou menos longo- ocupando unha praza de contratada doutora. Neste sentido, cómpre recordar que outros compañeiros da solicitante, con maior antigüidade ca ela na acreditación pola ANECA á figura de Profesor/a Titular de Universidade, renunciaron a concorrer á praza de profesor/a titular de universidade á que finalmente accedeu a interesada da solicitude de excedencia temporal. Polo tanto, os datos acreditan que a carreira académica e profesional da solicitante non foi obxecto de atrancos ou trabas polos restantes compañeiros da Área 150, senón todo o contrario. Ademais, ninguén pon en dúbida a súa valía profesional. O que sucede é que o art.17.4 da Lei da Ciencia esixe o cumprimento de determinadas condicións para que prospere unha solicitude de excedencia temporal ao abeiro desta norma e, neste caso, esas condicións non se dan. O Prof. Fernández López remata sinalando que agarda que o Consello de Goberno asuma as razóns obxectivas que acaba de expoñer para desestimar a solicitude de excedencia temporal á que se refire o presente punto da orde do día.

Intervén a continuación Miguel Cuevas, quen enviará despois un escrito coa súa intervención.

Escrito remitido: “Na documentación que se presenta ante o Consello parece realmente preocupante que, sen ter un criterio establecido, os xuízos obxectivos dos departamentos mesturen criterios diferentes e que mesmo se utilicen de xeito interesado, non digo que este sexa o caso. Deberá ser o Consello de Goberno quen deba xulgar. En primeiro lugar, non entendín ben cal é o interese particular neste punto do membro da área de Dereito Financeiro e Tributario defendendo a decisión do departamento cando non é nin o director nin o eu secretario. Quizais tería que telo explicado.

Por outra banda, entendo que este profesor non se atén a verdade pois refírese a que non aparecen liñas de investigación ou actividades que a prof. Barreiro vai a realizar no International Bureau of Fiscal Documentation no apartado V da memoria que se presentou, obviando por completo o apartado IV onde se relatan con detalle non só as persoas coas que vai a colaborar senón, tamén, as liñas de investigación, os proxectos nos que se vai a inserir e, por suposto, a imbricación destes coa investigación e os proxectos da área correspondente na Universidade de Vigo.

En canto a elaboración do POD, que se entrelaza na documentación, entendo que é unha cuestión marxinal aquí e que a universidade dotouse dunha normativa que, tanto a COAP como o Consello de Goberno, deben cumprir e facer cumprir.

En canto á excedencia. O informe do departamento baséase fundamentalmente en eventualidades, nomeadamente a posibilidade de que non se presente suficiente xente ás prazas de Axudante

doutor ou as de Substitución ou na obriga imposta polo departamento de que a prof. Barreiro imparta unha materia en inglés en contra do seu dereito a escolla ou da posible concesión dun Módulo Jean Monnet da UE ou a resolución dun proxecto de investigación (habería que ver se polo feito de tratarse dunha excedencia amparada na Lei de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación non se conserva o seu dereito a participar nel no caso de ser concedido). Non sei cal é a situación actual do contido destes argumentos pero no informe son meros futuribles e non realidades fácticas, validez xa cuestionada e negada en diversas sentenzas e pola defensoría del pueblo.

Os asinantes do documento asumido polo departamento non fan as contas en pro do dereito á excedencia senón en contra. Neste momento hai 7 asinantes das prazas de lista de agarda e 1 asinante na de axudante doutor. Dito isto e cos números na man poderían asumir no mellor dos casos case 1500 horas de docencia. Pois ben, se atendemos ao que indica o departamento no seu informe a área ten unha necesidade de aprox. 350 horas (di literalmente “máis de 350 horas” polo que entendo que están entre 350 e 400 horas). Coa incorporación do axudante doutor (180 horas) quedarían no mesmo lugar que este curso tendo xa en conta a excedencia da profesora Barreiro. Sorprendería que a necesidade do servizo fose escatimar en contratación cando hai áreas nesta universidade con máis de 3000 horas de folgura estrutural segundo o cadro teórico de 2024. Reflexionemos: acaso non se votou neste Consello de Goberno concederlle un emeritaxe a unha persoa que non estaba en servizo activo nin cumpría os requisitos, saltándonos así os nosos propios criterios, e que co diñeiro extra que se lle pagará como emérito cubriríase a contratación para a docencia da prof. Barreiro na súa excedencia nun centro internacional? O mesmo sucedería en tanto que, como a prof. Barreiro non cobra da UVigo durante a súa excedencia, non se podería contratar a un substituto LOSU nos termos que precisamente establece esta Lei? No informe fálase dun grupo de innovación docente; o CG vai a asumir que non se concedan excedencias deste tipo ou por interese particular por pertencer a grupos de innovación docente ou de investigación? Iría en contra dos intereses de internacionalización da propia institución.

Por outra banda o informe do departamento fala do beneficio directo e persoal, case como se isto fose un delito. Lembremos que a Lei de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación sinala o seguinte no seu artigo 17: “Los agentes públicos del Sistema Español de Ciencia, Tecnología e Innovación promoverán la movilidad geográfica, intersectorial e interdisciplinaria, así como la movilidad entre los sectores público y privado en los términos previstos en este artículo, y reconocerán su valor como un medio para reforzar los conocimientos científicos, el desarrollo experimental, la transferencia de conocimiento, la innovación y el desarrollo profesional del personal de investigación. Este reconocimiento se llevará a cabo mediante la valoración de la movilidad en los procesos de selección y evaluación profesional en que participe dicho personal”.

Sorprendentemente, o informe indica o pouco interese dos traballos que se van a realizar na institución para a Universidade de Vigo. Cito: “[O IBFD] non serve aos intereses públicos e colectivos da área de Dereito financeiro e tributario da Universidade de Vigo” (lembremos o que acabo de ler da Lei de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación). Asombran así algúns destes reparos pois a realidade contrasta con algunhas das apreciacións dos e das asinantes do informe, asumido polo departamento: proba desta contradición son os numerosos traballos en común co International Bureau of Fiscal Documentation, proxectos, conferencias, etc. por parte das persoas que constitúen o departamento. Sorprende tamén que, se a referida institución non é relevante para a área ou a Universidade de Vigo, como sete das nove persoas a TC da área da solicitante realizaran estadias

en dito centro, algunhas delas baixo o auspicio de contratos FPU ou Castillejo ou proxectos de investigación financiados. Mesmo, nalgún caso, tal e como se indica na documentación, trátase de estadias dentro dos anos sabáticos, financiados pola Universidade de Vigo, a diferenza desta excedencia. Perdeuse o tempo e o diñeiro? Pois parece que non. No programa de doutoramento de Ordenación xurídica do mercado, segundo indica a prof. Barreiro, indícase que “El International Bureau of Fiscal Documentation es un centro de referencia mundial en materia de fiscalidad internacional”. Engana o programa de doutoramento á sociedade e, concretamente, aos estudantes? Entendo que non. É ou non é un centro de referencia mundial? Se o é, como se afirma, non é relevante para a área de dereito financeiro ou para a Universidade de Vigo? Sobre que se realizaron estadias de membros da área noutros centros, sería totalmente ilóxico que un área impoña aos seus membros ir só a un centro. Acaso a Universidade de Vigo non está comprometida coa internacionalización?

Estas son unhas reflexións que, desde o punto de vista dos dereitos de escolla de materias e de excedencia, resultan estraños desde o punto de vista social. O Consello de Goberno debería pensar sobre estas cuestións e valorar se este informe é axeitado.

Teño as seguintes preguntas para o Consello de Goberno: valorou a Universidade de Vigo as cuestións que contén o informe do servizo (especialmente a necesidade docente) na concesión de excedencias similares? Vai o Consello de Goberno a asumir que non se poden conceder excedencias (o que é extensible a estadias ou axudas castillejo, etc.) se existen necesidades docentes? Como ve o Consello de Goberno e a Reitoría que unha boa parte dos membros dos departamentos non poidan ter este tipo de excedencias por mor dunha suposta necesidade do servizo nestes termos? Aplicou este consello sempre estes criterios en casos anteriores?

Lembro que o informe do servizo é só un informe, aínda que deba ser favorable e, polo tanto, vinculante; é o Consello de Goberno quen debe autorizar valorando se asume como propios os criterios de necesidades do servizo que esgrime o departamento ou se considera que ultrapasou os criterios que avalan unha necesidade do servizo. Así, todos os departamentos, a COAP e este CG deberían aplicar en todos os casos os mesmos criterios sen excepción para non deixar ao albur de grupos de poder decisións sobre estratexias de internacionalización, dereitos dos traballadores etc. que lle corresponden directamente a este Consello de Goberno.

Derivado disto, rogo ao reitor que se afronte a urxente necesidade de negociar cos sindicatos e regular, visto o visto e sobre todo tendo en conta que afecta non só á excedencia para prestar servizos en entidades privadas senón tamén públicas e ás excedencias voluntarias por interese particular (entre outros permisos) tanto de PDI como de PTXAS, os aspectos avaliados no informe preceptivo do servizo e definir que se debe entender por necesidades do servizo para que se aplique por igual a todas e cada unha das solicitudes e sirva de referencia á COAP e a este Consello de Goberno para valorar estas solicitudes, máis alá das consideración dun Consello de Departamento que poderían deberse a intereses de grupos de poder.

Considero que é un aspecto o suficientemente relevante polas implicacións que ten nos dereitos laborais dos e das traballadorxs desta universidade.

Grazas”.

Intervén a continuación José Rúas, quen lembra que formou parte do departamento do que se está a falar, e sempre se promocionou a carreira profesional, as excedencias, estadias e anos sabáticos,

e coa súa perspectiva vese claramente que nos guiamos por filias e fobias. Non cre que se prevarique, non hai afán de lucro, coida que debemos ser profesionais neste sentido. Hai un conflito de interese, Departamento por un lado, centro por outro, pero queda claro que para o centro a estadía nun centro de prestixio sería bo. Reitera a necesidade dunha mediación, que propuxo o reitor, e tamén a participación da defensoría universitaria. Avala e respalda esa proposta de mediación.

A continuación intervéñen Coral del Río, quen estima que non podemos rexeitar a solicitude de excedencia temporal de María Cruz Barreiro, e se o facemos, crearíamos un grave precedente. Que unha persoa con currículo sexa aceptada nun centro de prestixio, e que as razóns de rexeitamento sexan de índole docente e de formular dúbidas de se vai haber beneficio para a UVigo desa estadía, non o comparte en absoluto. Na súa opinión o informe do departamento está detallado pero non suficientemente motivado, e na súa opinión cree que crearíamos un grave precedente se rexeitamos a excedencia solicitada.

Hai debate, e resumindo, intervéñen de novo María Cruz Barreiro Carril para dicir que a súa praza non saíu co perfil en inglés, que o pode enviar aos membros do CG, e que non é verdade. En canto á oferta, non aparece no Centro porque en canto se termina a oferta se sacan da web.

O reitor pide brevidade cando quere intervir de novo o profesor Fernández López, para reiterar que a praza saíu cun perfil determinado, “Business taxation e tax Law”, no Consello de Departamento, en setembro de 2018. Enviouse a COAP, pero saen en castelán co título que sae na memoria. Miguel Cuevas non sabe porque se fala de perfís cando non teñen nada que ver, non sabe porque sae a colación. O problema son os dereitos.

Seguidamente procédese a votar.

Resultado da votación:

27 votos en contra da concesión da excedencia, 9 a favor da concesión da excedencia, e 8 abstencións.

Denegada, por maioría.

Desestímase a solicitude de excedencia temporal solicitada.

O reitor ofrece unha posible mediación, cunha persoa de fóra da Universidade de Vigo, para que a comezos de setembro poida producirse esta mediación. Fala tamén da intervención de Miguel Cuevas, para que estudiemos unha normativa sobre que puntos debe valorar o Departamento no informe correspondente.

7. Aprobación, se procede, da proposta de creación do Instituto de Investigación Lingua.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen explica o proceso de creación do Instituto de Investigación Lingua:

1. Preámbulo

Consulta interna

- Contacto co decanato da FFT.
- Contacto inicial con todos os grupos da FFT con liñas de investigación en linguas e en lingüística.
- Creación do grupo de traballo, con reunións periódicas desde finais de 2021:
 - Estudo sobre a investigación/transferencia en linguas en Galicia e na UVigo.
 - Análise DAFO.

1. Preámbulo

Consulta interna

- Chamadas de participación na iniciativa:
38 investigadores/as vinculados:
 - 20 investigadores/as promotores.
 - 9 investigadores/as garantes
(CU ou emerxentes en convocatorias de excelencia).
- Deseño dun plan estratéxico e dunha axenda científica.
- Carteira de servizos.
- Compromisos cuadrienais.

1. Preámbulo


Consulta interna

- Áreas científicas:
 - Lingüística interna.
 - Variación lingüística e sociedade.
 - Adquisición e multilingüismo.
 - Tradución, interpretación e accesibilidade.
 - Lingua e literatura.
- Áreas funcionais:
 - Apoio técnico á investigación.
 - Administración básica do iLingua.

1. Preámbulo

Consulta interna

- Estrutura de goberno:



1. Preámbulo

Consulta externa

Apoio por consultoría externa.

Entrevistas con centros de referencia.

Dous avaliadores/as externos: máxima puntuación.

Dra. Chelo Vargas Sierra
Profesora titular de universidade.
Directora do Instituto
Universitario
de Linguas Modernas e Aplicadas
(IULMA), Universidad de Alicante.

Dr. Miguel Casas Gómez
Catedrático de Lingüística Xeral
Director do Instituto de Lingüística.
Aplicada (ILA), Universidad de
Cádiz.

2. Xustificación

- Interese dos grupos en aumentar a visibilidade científica e social.
- Oportunidade para proxectos conxuntos e sinerxías entre o ámbito filolóxico e o da tradución e a interpretación.
- Necesidade de incrementar a captación de recursos humanos de investigación en convocatorias competitivas.
- Inexistencia dun instituto semellante no SUG (o Instituto da Lingua Galega está centrado na investigación sobre o galego).

3. Plan estratéxico

Motivación:

- Compartir visión e estratexia para aproveitar a capacidade e a reputación actuais da lingüística na UVigo, creando unha entidade de I+D+i sostible, igualitaria, con relevante impacto académico, social e económico no seu ámbito xeográfico.
- Integrar as capacidades científicas e tecnolóxicas dos grupos, aliñadas cos retos globais definidos pola Axenda 2030 (ODS 4, 5 e 8), o programa marco europeo Horizon Europe, a Estratexia Estatal de Innovación e a RIS3 de Galicia.
- Rendibilizar a experiencia organizativa e colaborativa dos grupos e o seu impacto.

3. Plan estratéxico.

Misión:

- Promover e realizar investigación en lingüística de primeiro nivel, ofrecendo infraestruturas científicas para fomentar os avances de vangarda, desenvolvendo investigación transnacional de excelencia.

Visión:

- Acadar recoñecemento internacional, impulsando a multidisciplinariade e atraendo talento.
- Reforzar sinerxías entre a investigación básica e a aplicada.
- Contribuír ao benestar da sociedade mediante a aplicación do coñecemento e da tecnoloxía derivados da investigación desenvolvida.

3. Plan estratéxico

Eixes e obxectivos específicos

EIXES	OBXECTIVO ESTRATÉGICO
CULTURA	OE1. Crear cultura de Centro
GOBERNANZA, ORGANIZACIÓN E XESTIÓN	OE2. Potenciar en funcionamento e organizar iLingua
INVESTIGACIÓN	OE3. Desenvolver ciencia de excelencia multidisciplinar e competitiva
CAPITAL HUMANO	OE4. Apoiar o desenvolvemento profesional de profesionais competentes
FORMACIÓN	OE5. Contribuír a crear as novas xeracións de científicos/as en lingüística e as súas aplicacións
INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA	OE6. Resolver retos sociais
DEVULGACIÓN DA CIENCIA	OE7. Incluír a sociedade nos avances científicos

3. Plan estratéxico

Accións concretas destacables:

- *Happy Day iLingua* (para a comunidade e a sociedade).
- *Elevator pitch* (para o persoal en formación).
- Foro trimestral de investigadores/as séniores e júniores:
 - Mentoría interna
 - Proxectos conxuntos
 - Redes internacionais e mobilidade
- Infraestruturas compartidas.
- Rede alumni.

3. Plan estratéxico

Accións concretas destacables

- Programas estables:
 - Seminarios de investigación.
 - Persoal investigador visitante.
 - Axenda de divulgación (tamén en galego).
 - Serie editorial propia no Servizo de Publicacións.
- Mellora de indicadores.

4. Axenda científica

- Liña 1. Lingüística interna e variación lingüística.
- Liña 2. Sociedade, ideoloxía e política lingüística.
- Liña 3. Linguas, cognición e educación.
- Liña 4. Tradución e interpretación.
- Liña 5. Lingua e literatura.
- Liña 6. Lingua e accesibilidade.
- Liña 7. Humanidades dixitais.

5. Base

- 38 investigadores/as involucrados.
- Apoio institucional:
 - RRHH de apoio Investigo en 2022 e 2023.
 - Orzamento inicial para o acondicionamento da sede.
- Imaxe corporativa:




Instituto de investigación
Lingua
UniversidadeVigo

UniversidadeVigo



5. Base

Web (en construción):



UniversidadeVigo



5. Base

Redes sociais
(Twitter/X):



5. Base

Recursos materiais:

- Laboratorio de linguaxe e cognición



- Espazos na FFT (pavillón Newton)



Dúas avaliacións externas favorables.

En exposición pública do 19/12/2023 ao 19/01/2024,
ningunha alegación.

Aprobación por unanimidade na comisión de investigación
do 15 de decembro de 2023.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, das bases do programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo para o 2024.

O reitor da a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen pasa a expoñer as bases do programa:

- Formalizaranse **seis contratos de tres anos de duración**, como persoal laboral temporal a tempo completo, na modalidade de contrato de acceso de persoal investigador doutor prevista no artigo 22 da Lei 14/2011, de 11 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, modificada o 6 de setembro do 2022. No caso de que consumira xa o tempo no que poden ter contrato de acceso farase o contrato posible no marco da lexislación vixente.
- O custo total do contrato será de 50.520 €. As persoas contratadas **poderán impartir ata 100 horas anuais** de docencia e terán plena capacidade investigadora coa posibilidade de **solicitar proxectos como investigadores ou investigadoras principais**. Os seus contratos non comezarán ata que rematen cos seus contratos actuais e todas as súas prórrogas posibles.
- Á finalización do contrato por expiración do tempo convindo, a persoa traballadora terá dereito a recibir unha indemnización de contía equivalente á prevista para os contratos de duración determinada no artigo 49 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores/as.

4. Requisitos das persoas solicitantes

Para seren admitidas neste proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido e posuír os seguintes requisitos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- a. Ser ou ter sido persoal investigador a tempo completo da Universidade de Vigo na modalidade **Marie Curie Individual Fellowship, contratos de proxectos de novos investigadores/as do Ministerio (JIN), Margarita Salas, María Zambrano, Juan de la Cierva-Incorporación, axudas postdoutorais da Xunta de Galicia na modalidade B** e que a data de finalización do seu contrato estea comprendida entre o **1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024**
- b. Dispoñer da **acreditación da ANECA** ou da ACSUG como profesor/a contratado doutor ou profesor/a permanente laboral (PPL) ou ben como profesor/a titular de universidade.
- c. Presentar a acreditación **R3/I3**, no caso de posuíla (non é un requirimento excluínte).
- d. Non ter avaliación negativa na convocatoria correspondente ao seu contrato.

Criterios de prelación

1. As persoas aspirantes con acreditación como profesor/a titular de universidade e acreditación R3/I3.
2. As persoas aspirantes con acreditación como profesor/a contratado doutor ou PPL e acreditación R3/I3.
3. As persoas con acreditación a profesor/a titular de universidade, sen acreditación R3/I3.
4. As persoas con acreditación a profesor/a contratado doutor ou PPL sen acreditación R3/I3.
5. En caso de igualdade nos criterios anteriores, as solicitudes ordearanse, en primeiro lugar, pola data de obtención da acreditación correspondente.
6. En segundo lugar, pola data de certificación do I3/R3.
7. En caso de igualdade nos dous criterios anteriores, corrección da maior infrarrepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo, dentro do profesorado con vinculación permanente.
8. En caso de igualdade nos tres criterios anteriores, resolverase a favor da persoa de maior idade.
9. En caso de igualdade nos catro criterios anteriores, antigüidade na Universidade de Vigo.
10. Como último criterio procurarase un reparto equilibrado entre os catro ámbitos de investigación (científico, tecnolóxico, humanístico e xurídico-social).

Número e tipo de candidatos/as posibles

Tipo de figura	Número de candidatos/as
María Zambrano	9
Posdoutorais Xunta B	8
Margarita Salas	18
JdC incorporación e JIN	0
Marie Curie	2
TOTAL= 37 posibles	

Intervén Coral del Río, está de acordo coa filosofía co Programa, pero vai votar en contra por estar en contra dos criterios para seleccionar, por estar moi sesgado a favor dos do ámbito de Ciencias.

Se procede a votar co seguinte resultado:

35 votos a favor, 1 voto en contra, 2 abstencións.

Apróbanse por maioría.

9. Aprobación, se procede, da participación da UVIGO na Spin-Off GAL4TIC.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen explica a participación:

Promove: Fernando Obelleiro, Grupo de Investigación SC7 Antenas, Radar e Comunicacóns Ópticas (atlanTTic), resumo CV excelente.

Obxectivo:

Integración de servizos tecnolóxicos e hardware específico para aplicacións TIC, industria 4.0 e de ciberseguridade. Sería unha SL. Capital social: 3000 €. UVigo (120 €)

Comparte:

Coñecemento: propiedade UVigo dos contratos ao abeiro do art. 83 (hoxe art. 60) entre os anos 2016 e 2023.

Patente: Navantia (78,1%) UVigo (20 %), UDC (1,9 %).

Dispositivo de iluminación, sistema de control de iluminación e sistema multifuncional distribuído.

Actividade da iniciativa empresarial:

O sistema de servizos integrados (SSI) é un novo desenvolvemento, único no mundo naval, que nace co propósito de proporcionar unha infraestrutura dixital, segura e intelixente, que dea soporte e cobertura integral a múltiples servizos e funcionalidades (ver figura 1). O SSI é un sistema redundante e altamente dispoñible que mellora a experiencia da tripulación e do armador nas operacións. Este sistema permite posicionar o/a cliente por diante dos seus competidores, supoñendo un salto cualitativo nas capacidades asociadas ao concepto de buque 4.0 ou dixital e de novos servizos para o seu ciclo de vida integrado no ecosistema 4.0 e do xemelgo dixital (GD).

Actividade da iniciativa empresarial




Figura 1. Concepto del Sistema de Servicios Integrados (SSI)

Orientación no mercado

Segundo se desprende do plan de negocio presentado polas persoas promotoras, o sistema que desenvolveron e que buscan comercializar, pódese extender a ámbitos e contornas como:

- Buques militares.
- Outras embarcacións: transatlánticos, buques mercantes, buques de pesca etc.
- Aeronaves.
- Fábricas e estaleiros.
- Grandes infraestruturas: hospitais, aeroportos, hoteis, centros educativos, centros penitenciarios, centros comerciais etc.

Empresas competidoras

- Consultoras TIC: este tipo de empresas adoitan desenvolver servizos de software comercial ou *ad hoc* para grandes clientes.
- ERP: existen no mercado empresas que desenvolven a integración de diversos programas de xestión ERP para xestionar as organizacións. Estes ERP adoitan ser SAP, Navision, ... cuxo software pode adaptarse ás necesidades de cada cliente.
A súa diferenciación é que non venderán un software nin unha consultoría, senón un produto que se converte nun nodo sistémico de comunicación que irá configurado co software desenvolto polo equipo investigador. Isto fai que o produto sexa algo máis e que non sexa imitable pola competencia ao estar protexido por unha patente.

Previsión de negocio

- A previsión é que no ano 2028 a empresa teña un resultado neto positivo próximo aos 200.000 €, cuns ingresos que superan o medio millón de euros.

Foi aprobado pola comisión de investigación do
27 de xuño de 2024.

Nome e Apelidos	Relación coa UVIGO	% de participación
Fernando Obelleiro Basteiro	Catedrático	36%
Bruno Seoane Lamata	Enxeñeiro contratado	36%
Hugo Caloto López	Enxeñeiro contratado	12%
Nelson Reboreda Campos	Enxeñeiro contratado	12%
Universidade de Vigo		4%

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, do Regulamento da Área de Benestar, Saúde e Deporte.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Extensión Universitaria, quen presenta as liñas principais:

Regulamento da Área de Benestar, Saúde e Deporte

- Capítulo 1. Sobre a Área de Benestar, Saúde e Deporte (presentación dos aspectos principais do servizo)
- Capítulo 2. Organización e estrutura: Comisión de Extensión e responsables (funcións e competencias)
- Capítulo 3. Persoas usuarias (usos, dereitos e obrigas)
- Capítulo 4. Condicións de uso e de acceso
- Capítulo 5. Instalacións deportivas (normas, horarios, bonos, reservas...)
- Capítulo 6. Competicións deportivas (internas, interuniversitarias)
- Capítulo 7. Normas de convivencia, condutas inadecuadas e consecuencias (persoas e instalacións)
- Capítulo 8. Da protección de datos de carácter persoal
- Capítulo 9. Da reforma do regulamento

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico do Campus Auga.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor do Campus de Ourense, quen comenta os pormenores do Plan:

Liñas de especialización

- Alimentación funcional:
15 do mundo no ARWU en «Food Science and Technology»
- Agricultura e medio ambiente:
201-300 do mundo no ARWU en «Agricultural Sciences»
- Xestión da auga termal:
Potencial socioeconómico de desenvolvemento da provincia de Ourense
- Intelixencia artificial, Economía circular, lexislación alimentaria e ambiental.

Gobernanza



Mapa de titulacións

Alimentación funcional	Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Nutrición Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental	Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria
Agricultura e Medio Ambiente	Enxeñaría Agraria Ciencias Ambientais Enxeñaría Aeroespacial	Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental Sistemas Aéreos non Trinulados	Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria Ecosistemas Terrestres, Usos Sostibiles
Xestión da Auga Termal	Enxeñaría Agraria ADE Turismo	Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental	Auga, Sustentabilidade e desenvolvemento Turismo
Áreas de soporte	Intelixencia Artificial Dereito		Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables

Grupos de investigación

- 14 grupos de investigación
 - 9 GRC
 - 2 GPC
- Instituto de Agroecoloxía e Alimentación
- 350 investigadores/as

Grupos de investigación

Publicacións JCR	343
Publicacións Q1	225
Capítulos de Libros	32
Libros	7
Tesis	14


- 14 grupos de investigación
 - 9 GRC
 - 2 GPC
- Instituto de Agroecoloxía e Alimentación
- 350 investigadores/as

Grupos de investigación

	Número	Número	Fondos
Programas Internacionais	3	1	172.829 €
H2020/HIE	1	1	172.829 €
Interreg	1		
Outros	1		
Programas Nacionais	6	11	1.453.301 €
Programas Autonómicos	4	11	1.260.593 €
Outros programas	2	5	19.585 €
	15	28	2.906.308 €

- 14 grupos de investigación
9 GRC
2 GPC
- Instituto de Agroecoloxía e Alimentación
- 350 investigadores/as

Grupos de investigación



- 14 grupos de investigación
9 GRC
2 GPC
- Instituto de Agroecoloxía e Alimentación
- 350 investigadores/as

Plan de acción. Viabilidade.

	2024	2025	2026	2027
GOBERNANZA				
4 liñas de acción	10.500 €	19.000 €	27.900 €	11.500 €
DOCENCIA				
6 liñas de acción	74.750 €	204.500 €	204.500 €	132.000 €
INVESTIGACIÓN				
4 liñas de acción	294.333 €	672.000 €	861.000 €	413.500 €
TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN				
6 liñas de acción	42.200 €	66.000 €	66.000 €	34.500 €
EQUIPO DE XESTIÓN				
2 liñas de acción	6.667 €	46.500 €	46.500 €	23.000 €
TOTAL	428.450 €	1.008.000 €	1.205.900 €	614.500 €

3.256.850 euros

Universidade de Vigo



Indicadores

	Seguimento	Execución
GOBERNANZA		
	8	5
DOCENCIA		
	24	29
INVESTIGACIÓN		
	17	20
TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN		
	9	18
TOTAL	58	72

130 INDICADORES

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da autorización para a formalización dun convenio entre a Escola Universitaria de Maxisterio “María Sedes Sapientae” e a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación para a avaliación do persoal docente e investigador contratado do dito centro adscrito.

O reitor explica que para que un centro adscrito poida pedir sexenios á Aneca, pagados polo centro adscrito, así como as repercusións que teña, necesita o visto bo da Universidade á que están adscritos.

Miguel Cuevas explica que deberíamos reflexionar sobre este convenio, xa que son centros privados, e nós, universidade pública, dámoslle esta autorización. O reitor incide que isto beneficia á calidade do profesorado, o que lle gustaría é que tiveramos un centro público deste tipo no Campus de Vigo..

Apróbase por asentimento.

13. Elección dos seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno: Organización Académica e Profesorado (2 estudantes e 2 PDI); Planificación e Asuntos Económicos (2 estudantes); Investigación e Transferencia (2 estudantes); e Extensión Universitaria e Estudantes (2 estudantes).

- **Comisión delegada de Organización Académica e Profesorado: 2 estudantes**
 - **Juan Santos Grandal** (Escola de Enxeñaría Industrial – Vigo)

O reitor comenta que non se presentaron candidaturas, pero Juan preséntase neste momento e acéptase a súa candidatura.

- **Comisión delegada de Organización Académica e Profesorado: 2 PDI**

Presentáronse as candidaturas de:

- **Susana Alvarez González** (Facultade de Dereito – Ourense)
- **Emma Torres Romay** (Facultade de Comunicación - Pontevedra)

Non é necesario celebrar eleccións

- **Comisión delegada de Planificación e Asuntos Económicos: 2 estudantes**
 - **Iago Meis Solla** (Escola de Enxeñaría Industrial – Vigo)

Non se presentaron candidaturas, pero Iago Meis postúlase e acéptase a súa candidatura.

- **Comisión delegada de Investigación e Transferencia: 2 estudantes**

Presentáronse as candidaturas de:

- **Jaime González González** (Escola de Enxeñaría de Telecomunicación – Vigo)
- **Estela Rodríguez Pousa** (Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo – Vigo)

Non é necesario celebrar eleccións

- **Comisión delegada de Extensión Universitaria e Estudantes: 2 estudantes**

- **Estela Lima González** (Escola de Enxeñaría Industrial – Vigo)

Non se presentaron candidaturas, pero Estela Lima González preséntase á Comisión de Extensión Universitaria.

14. Elección dun representante na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado contratado: 1 estudante.

O reitor comenta que non se presentaron candidaturas.

15. Elección dun representante no Consello Social: 1 estudante.

O reitor indica que non se presentaron candidaturas.

Miguel Piñero quere presentarse ao Consello Social, así como **Estela Lima**.

Hai votación, na que soamente poden votar os estudantes, e gaña **Estela Lima González** por 7 votos a favor fronte a 2 a favor de Miguel Piñero.

Queda elixida Estela Lima representante dos estudantes no Consello Social

16. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Arte-Humanidades; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.

Presentouse a candidatura polo ámbito Arte-Humanidades de:

- **Xulia Sánchez Rodríguez** (Facultade de Filoloxía e Tradución – Vigo)

Non é necesario celebrar eleccións

Non se presentaron candidaturas polo ámbito Tecnolóxico.

17. Quenda de intervencións

O reitor cede a palabra ao decano da Facultade de Filoloxía e Tradución, José Montero Reguera, quen dá as grazas pola creación do Instituto de Investigación Lingua. Ademais, pregunta se se vai renovar a concesión da cafetería do seu centro, xa que a 1 de setembro non sabe se vai ter cafetería comedor. A xerente fala de que o servizo de contratación o está tramitando, que daba perdas, pero espera que se poida cubrir. O decano pide unha resposta máis concreta, xa que ten unha rodaxe dunha longametraxe e quere saber se as 100 persoas terán ao seu dispor esa cafetería comedor.

O reitor cede a palabra a José Fariña, novo director da Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo, quen comenta dúas cuestións: Unha relativa á RPT, ten unha petición de estabilización de dúas prazas e non teñen resposta. A segunda, é unha preocupación compartida cos responsables das áreas de coñecemento do centro, tamén coñecida por parte da vicerreitoría de Profesorado: dispoñer do profesorado adecuado para impartir, con criterios de calidade e excelencia, os graos e máster da escola, así como dispoñer da estrutura adecuada para poder cumprir coa planificación da actividade docente establecida na universidade. Ao seu xuízo, non hai profesorado estable, falando dunhas prazas que saíron. Cre que os departamentos son os responsables da docencia e os que teñen que cubrir esas necesidades. Pensa tamén que se debería cubrir unha praza de profesor substituto a tempo completo para que sexa competitivo, e que as axudas predoutorais teñan unha preferencia para as áreas deficitarias. A forma de cubrir a docencia asignada, fai que cada curso sexa unha novidade para o profesor, pero non para o estudante, creando unha carga adicional para o profesorado estable. Engade tamén que hai fragmentación de horas asignadas (algúns con 2 horas). Como outro punto de reflexión, o relevo xeracional. Temos que ser competitivos, para que o talento que marcha decida quedarse na Uvigo. Exames: reducimos as semanas de docencia para os exames, pero co número de graos que teñen na Escola é imposible non facer esa redución de docencia.

Rebeca Pilar Díaz Redondo intervén facendo un rogo de índole bastante práctico: coas contas de Uvigo.gal temos acceso a Onedrive cunha cantidade de almacenamento dun TB. Desde fai pouco tempo as direccións institucionais migráronse a Office 365, e tiñan 100 Gigabytes. No seu centro teñen moito contido audiovisual polo que non lles cabe, polo que solicita que se amplíe a capacidade para a súa conta da dirección da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, con mais espazo no One drive institucional, ata un TB, para almacenar tanto material audiovisual. O reitor responde que toma nota da solicitude e a pasará aos servizos correspondentes.

Miguel Cuevas coincide na solicitude do director José Fariña na contratación de profesorado, sería interesante actualizar a normativa seguindo a LOSU para poder ser contratadas estas persoas de substitución a tempo completo.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:25 h. do día 30 de xullo de 2024, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral